



Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

ACORDO:

Na cidade de Ourense, a cinco de maio de dous mil catro

Visto o expediente de clasificación do monte como veciñal en man común coa denominación de *Gorita, O Corgo, Pelitrán, e A Solleira*, por solicitude dos veciños de Penalonga, do concello dos Blancos (Ourense).

Resultando que con data 17 de abril de 2001, tivo entrada no rexistro da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente en Ourense, escrito dirixido ao Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado polos veciños do lugar de Penalonga, concello dos Blancos (Ourense), solicitando se declare o monte coa denominación *Gorita, O Corgo, Pelitrán e A Solleira* como veciñal en man común.

Resultando que o Xurado Provincial en sesión de data 23 de abril de 2002 acordou tomar en consideración o citado escrito e iniciar o expediente de clasificación do monte e dos membros do xurado designáronse instructores do expediente a Belén Bris Marino e Miriam Areal López, que aceptaron tal cargo na





mesma sesión. Remíthronse comunicacións dirixidas aos veciños do lugar de Penalonga, á Deputación Provincial de Ourense, ao Concello dos Blancos, á Xerencia Territorial do Catastro, á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, ao Servizo de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Medio Ambiente, á Delegación Provincial da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural - Servizo de Infraestructuras Agrarias-, e ao Rexistro da Propiedade de Xinzo de Limia.

Publicáronse edictos no *Diario Oficial de Galicia* e no taboleiro de anuncios do Concello dos Blancos segundo consta en dilixencia estendida ó dorso do edicto polo secretario do citado concello, para que durante o prazo sinalado dun mes os interesados puidesen comparecer ou intervir nel, en defensa dos seus dereitos, e non consta presentada ningunha alegación..

Resultando que a anotación preventiva de iniciación do expediente, se practicou no Rexistro da Propiedade de Xinzo de Limia, como segue:

Anotación preventiva Letra A, Leira nº 7.386, ó folio 94 do tomo 679, libro 33 dos Blancos.

Resultando que na tramitación do expediente se cumpriron tódalas formalidades legais.





Considerando que o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten xurisdicción e competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

Considerando que o tipo de comunidade xermánica que institúe a Lei de montes veciñais en man común ten como características esenciais as seguintes:

- 1) Que os condominios se unen por vínculos persoais de veciñanza agrupados en parroquias, aldeas, lugares, casaríos ou barrios non constituídos formalmente en entidades municipais;
- 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado;
- 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cota no sentido xurídico-romano;
- 4) Que o patrimonio e a participación é inalcable, imprescritible e inembargable; e
- 5) Que a comunidade é indivisible, non podendo os comunciros pedir a "*actio communi dividundo*".

Considerando que segundo informacións e testemuños resulta que os montes citados son aproveitados e posuídos en réxime de comunidade xermánica polos veciños do lugar de Penalonga, no concello dos Blancos





Os datos do citado monte son os que se referencian na parte dispositiva deste acordo.

Considerando que das informacións recollidas resulta que os veciños do lugar de Penalonga, están conformes coa clasificación do citado monte como veciñal en man común.

Considerando que a teor do disposto na Lei de montes veciñais en man común o expediente de clasificación se iniciou por acordo do xurado, por instancia dos veciños do lugar de Penalonga, para que este xurado puidese acordar a iniciación do expediente de clasificación.

Vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento; o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, así como o establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, do 26 de novembro de 1992.

Visto o Decreto 14/2002, do 24 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente.

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros:





A C O R D A:

Primeiro. - Clasificar o monte coa denominación *Gorita, O Corgo, Pelitrán e A Solleira*, de 147,4947 ha, en conxunto, aproximadamente de superficie a favor dos veciños do lugar de Penalonga, no Concello dos Blancos (Ourense), e cos datos que a seguir se relacionan, coma veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.

Os datos do citado monte son:

Concello: Os Blancos (Ourense)

Denominación do monte: Gorita, O Corgo, Pelitrán, A solleira

Comunidade propietaria: Penalonga

Superficie: 147, 4947 ha en conxunto, aproximadamente.

Monte denominado : Gorita

Superficie 101, 2203 ha aproximadamente

Estremas.

Norte. De oeste a leste: predios particulares de Felicidad Pena Carrasco (P 628 e Pº 44), Dellín Méndez Díaz (P 527 e Pº 44), outras propiedades particulares ..., José González Pérez (P 626 e Pº 44), cruza un camiño, Rudesindo Trigo Pérez (P 20 e Pº 45), outras propiedades particulares..., Benjamín Cuquejo Penín (P 46 e Pº 45), Pura Mandianes Campos (P 39 e Pº 45), cruza un camiño, Antonio Méndez Díaz (P 47 e Pº 45), outras propiedades particulares ..., e remata no predio de Herminio Cuquejo Feijóo (P 83 e Pº 45).





Sur: de oeste a leste: liña municipal do termo de Baltar, segundo o deslinde do IGN, limitando co monte Gralleiras da 'CMVMC' da Boullosa e Montecelo e co monte Serra de Gomariz da 'CMVMC' de Gomariz, concello de Baltar, predios particulares de María Argentina Araújo Salgado (P 111 e P^o 45), e Rudesindo Trigo Pérez (P112 e P^o 45), liña municipal do termo de Baltar, segundo o deslinde do IGN, limitando co monte Serra de Gomariz da CMVMC de Gomariz, concello de Baltar.

Leste: de norte a sur: predio particular de Manuel Vidal (P105 e P^o 45)

Oeste: de norte a sur: camiño a Fonte da Cicha, predios particulares de Rudesindo Trigo Pérez (P 633 e P^o 44), Manuel Cuquejo Feijóo (P 632 e P^o 44), outras propiedades particulares ..., Juan Antonio Rodríguez Díaz (P391 e P^o 44), outros predios particulares ..., Juan Antonio Rodríguez Díaz (P 385 e P^o 44), Dolores Trigo Trigo (P 245 e P^o 44), Rudesindo Trigo Pérez (P 246 p^o 44), Dellina Díaz Sotelo (P^o160 e P^o 44), Servando Sotelo Cuquejo (P161 e P^o 44), Montes dos veciños de Covas (P 644 e P^o 44).

Monte denominado O Corgo:

Superficie: 3, 5764 ha aproximadamente

Estremas:

Norte: de oeste a leste: camiño e camiño





Sur: de Oeste a Leste: predios particulares de Salema Cuquejo Penín (P 21 e Pº 45), Santiago Cuquejo Pena (P 22 e Pº 45), outros propiedades particulares, e Josefa Cota Rodríguez (P40 e Pº 45).

Leste de norte a sur: camiño.

Oeste de norte a sur: camiño.

Monte denominando : Pelitrán:

Superficie: 8,7978 ha aproximadamente

Estremas:

Norte de oeste a leste: camiño.

Sur de oeste a leste: camiño.

Leste de norte a sur: predios particulares de Pura Mandianes Campo (P 91 e Pº 53), outros predios particulares, Santiago Cuquejo Pena (P 21 e Pº 53) e Pura Mandianes Campo (P 19 e Pº 53).

Oeste de norte a sur: predios particulares de Pura Mandianes Campo (P11 e Pº 53), Rosa Mandianes Campo (P 15 e Pº 53), outros predios particulares ... e Alfredo Carballo Salgado (P 5 e Pº 53).

Monte denominado A Solleira:

Superficie 33,9002 ha aproximadamente





Estremas:

Norte de oeste a leste: camiño de Penalonga a Rabeca, predio particular de Juan Manuel Pena (P 162 e Pº 53) e camiño.

Sur de oeste a leste: Monte Serra de Gomariz da CMVMC de Gomariz.

Leste de norte a sur: monte dos veciños de A Rabeca e Pexeiros.

Oeste de norte a sur: predios particulares de Benjamín Cuquejo Penín (P 110 e Pº 53), Alfredo Carballo Salgado (P 109 e Pº 53), outros predios particulares ..., Gerardo Trigo Pérez (P 51 e Pº 53), Josefa Díaz Pena (P47 e Pº 53), outros predios particulares ..., Alfredo Salgado Carballo (P 40 e Pº 53) e Anuncia Salgado Díaz (P 39 e Pº 53) e Camiño de Baltar a Penalonga.

[En tódolos montes a identificación P é de parcela e Pº é de polígono e é a referencia catastral indicada polos veciños.]


Segundo.- Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor de persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.






Notifíquese esta resolución ao concello dos Blancos (Ourense) , aos representantes da comunidade veciñal, ao Servizo de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Medio Ambiente, aos que se lles fará saber que esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser obxecto de recurso de reposición potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos a partir do día seguinte ó da publicación no *Diario Oficial de Galicia* (artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común e artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.)







Monte "Gorita, O Corgo, Pelitrán e Solleira"
dos veciños de Penalonga (Os Blancos)

VERTICES DA POLIGONAL

1	602374.8	4645799.4	53	603658.1	4645793.8	105	603248.7	4646376.2
2	602422.5	4645807.4	54	603665.9	4645766.7	106	603224.6	4646381.3
3	602437.5	4645781.4	55	603503.0	4645567.1	107	603173.7	4646388.8
4	602507.3	4645735.9	56	603468.7	4645630.8	108	603145.3	4646414.7
5	602538.8	4645750.5	57	603421.8	4645656.7	109	603969.7	4646149.2
6	602627.6	4645749.5	58	603409.9	4645650.7	110	603853.2	4646238.8
7	602681.4	4645889.2	59	603378.9	4645595.8	111	603828.8	4646274.6
8	602688.4	4645924.1	60	603400.9	4645570.9	112	603764.9	4646308.1
9	602688.1	4645962.6	61	603482.7	4645558.9	113	603731.4	4646356.8
10	602708.5	4646011.4	62	603227.2	4645232.9	114	603711.4	4646383.1
11	602686.4	4646020.9	63	602803.2	4644861.4	115	603824.0	4646489.3
12	602672.5	4646061.8	64	602635.3	4644776.8	116	603891.0	4646518.1
13	602658.5	4646076.8	65	602474.4	4644730.7	117	603923.4	4646605.9
14	602618.1	4646090.0	66	602435.5	4644729.7	118	603912.8	4646635.3
15	602622.0	4646111.2	67	602344.1	4644957.3	119	603877.1	4646645.8
16	602637.0	4646128.5	68	603275.7	4645932.1	120	603836.5	4646679.9
17	602697.4	4646181.6	69	603312.7	4646020.1	121	603802.0	4646666.5
18	602718.7	4646178.8	70	603325.6	4646085.7	122	603781.7	4646704.8
19	602807.2	4646190.6	71	603387.4	4646158.6	123	603643.2	4646655.4
20	602810.2	4646179.6	72	603402.4	4646202.5	124	603659.9	4646792.7
21	602849.1	4646169.6	73	603459.8	4646149.3	125	603655.9	4646819.0
22	602872.0	4646105.7	74	603496.5	4646007.2	126	603627.2	4646850.9
23	602930.3	4646038.4	75	603484.6	4645983.3	127	603606.4	4646850.9
24	602966.8	4645878.2	76	603355.4	4645916.8	128	603588.1	4646844.5
25	603061.1	4645803.4	77	603329.6	4645923.7	129	603543.2	4646867.8
26	603070.1	4645773.5	78	603342.5	4645952.5	130	603525.8	4646895.6
27	603115.0	4645755.5	79	603330.6	4645969.4	131	603530.6	4646937.1
28	603158.9	4645727.6	80	603128.0	4646495.9	132	603571.3	4646981.0
29	603245.7	4645737.5	81	603264.7	4646482.9	133	603588.1	4647020.2
30	603289.6	4645750.5	82	603286.6	4646503.9	134	603585.7	4647048.9
31	603312.6	4645782.2	83	603340.5	4646502.9	135	603551.1	4647099.3
32	603306.8	4645805.5	84	603341.0	4646542.3	136	603516.2	4647095.2
33	603387.6	4645762.7	85	603333.5	4646568.7	137	603497.9	4647078.4
34	603426.7	4645771.7	86	603306.6	4646618.8	138	603456.4	4647067.3
35	603495.2	4645762.5	87	603305.6	4646658.5	139	603418.0	4647123.2
36	603579.0	4645799.4	88	603299.6	4646672.5	140	603426.9	4647160.0
37	603613.9	4645798.4	89	603389.4	4646720.4	141	603456.7	4647184.8
38	603621.9	4645846.3	90	603414.4	4646775.3	142	603482.7	4647147.1
39	603538.1	4645906.2	91	603481.2	4646666.5	143	603513.8	4647154.3
40	603559.0	4645931.1	92	603429.3	4646631.6	144	603567.3	4647188.6
41	603615.9	4645973.0	93	603431.3	4646603.7	145	603810.0	4647074.4
42	603702.7	4646032.9	94	603461.3	4646569.7	146	604351.6	4646524.4
43	603775.6	4646078.8	95	603456.3	4646557.8	147	604132.4	4646465.2
44	603765.6	4646102.8	96	603472.2	4646526.8			
45	603776.6	4646114.7	97	603493.2	4646508.9			
46	603787.6	4646094.8	98	603446.3	4646414.1			
47	603854.4	4646047.9	99	603451.3	4646382.1			
48	603873.4	4646021.9	100	603487.2	4646372.2			
49	603728.0	4645842.4	101	603653.8	4646371.2			
50	603675.6	4645844.3	102	603535.9	4646312.8			
51	603642.6	4645840.4	103	603434.1	4646299.5			
52	603642.6	4645822.9	104	603315.6	4646331.2			


ESCALA
1 : 10.000



Plano das estremas con referencias catastrais indicativas

Monte "Gorita, O Corgo, Pelitrán e A Solleira"
dos veciños de Penalonga

Concello: Os Blancos



- Linde municipal (segundo I.G.N.)
- Camiño
- Cruz en peneda (Marco)
- Muro leiras particulares
- Gorita**
- Pelitrán**
- O Corgo**
- A Solleira**

E: 1/10000